

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE TEO PARA A SUBSTITUCIÓN DA REDE DE ABASTACEMENTO NA RÚA LOUREIRO, NO LUGAR DE OS TILOS. TEO (A CORUÑA)

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2022, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, Lucía Calvo de la Uz, alcaldesa do Concello de Teo, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

### EXPOÑEN

**Primeiro.** O Concello de Teo ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o abastecemento como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

No ámbito autonómico galego, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia nos seus artigos 81 a) e 80.2 l) e a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia nos seus artigos 5.1 a) e 27.1, atribúen aos concellos competencias en materia de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario, e establecen como servizos de prestación obrigatoria por todos os concellos, na liña da lexislación básica, a subministración de auga.

Ademais, o artigo 27.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.



**Segundo.** Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias de Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1.f)).

**Terceiro.** A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 17 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, establece que as administracións públicas titulares de infraestruturas e as administracións públicas responsables dos servizos relacionados coa xestión do ciclo integral da auga traballarán para conseguir, entre outros obxectivos xerais, os seguintes: a mellora e innovación na xestión do ciclo integral da auga e nas tecnoloxías aplicables para incrementar a eficiencia no uso e na protección dos recursos hídricos, coa utilización das mellores técnicas dispoñibles; a realización dos labores de mantemento e reparación axeitados para protexer as infraestruturas existentes e conservalas nas



condicións óptimas para a prestación dos servizos; ou a reposición das infraestruturas vinculadas á xestión do ciclo integral da auga cando esgoten a súa vida útil.

**Cuarto.** O Concello de Teo dispón dunha rede de abastecemento na rúa Loureiro, no lugar de Os Tilos, moi antiga o que produce que haxa avarías constantemente.

Co fin de solucionar este problema xa se realizaron obras para a substitución da conducción de abastecemento nun tramo da rúa Carballo e da rúa do Buxo. Sen embargo, na rúa Loureiro os problemas son continuos o que provoca un grave trastorno para a veciñanza.

Así coas actuacións obxecto do convenio preténdese substituír a antiga rede de abastecemento da rúa Loureiro, da que parten tódalas acometidas que dan servizo aos edificios situados ao longo de toda a rúa.

**Quinto.** Á vista do exposto, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación e establecer as condicións dunha subvención directa ao concello.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o concello que permitan á entidade local acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para levar a cabo a actuación "Substitución da rede de abastecemento na rúa Loureiro, no lugar de Os Tilos", a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

### SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- Augas de Galicia obrígase a:



- a) Apoiar tecnicamente e a asesorar na execución das actuacións indicadas na cláusula primeira.
- b) Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando ao concello o importe máximo que se concreta na cláusula seguinte.

## 2.- O concello obrígase a:

- a) Executar as obras necesarias para a substitución da antiga rede de abastecemento da rúa Loureiro, no lugar de Os Tilos, Concello de Teo (A Coruña).
- b) Realizar ante Augas de Galicia a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da subvención, do xeito establecido neste convenio.
- c) Proporcionar a Augas de Galicia todos os datos necesarios para o seguimento dos indicadores de cumprimento do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.
- d) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto da subvención de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos medios de difusión utilizados deberá figurar expresamente o importe total das actuacións e a achega financiada por Augas de Galicia, debendo estarse ao establecido no artigo 20.1 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

## TERCEIRA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascende a trinta mil cen euros con noventa e nove céntimos (30.100,99 €) imposto sobre o valor engadido incluído, que serán financiados por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2025, partida orzamentaria 2025-06-82 542B 76000.

## CUARTA. LIBRAMENTO DOS FONDOS E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

En canto ao réxime de xustificación, o concello de Teo debe presentar ante Augas de Galicia, antes do 1 de decembro de 2025, a documentación establecida no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



Ademais o concello obrígase a:

- a) Achegar un informe de xustificación e execución dos traballos que inclúa fotografías deles, no que se reflecta o estado antes do inicio, durante a execución e unha vez finalizada a obra. Indicarase se foron executados con medios propios do concello ou a través da contratación a terceiros. Neste último caso xuntarase as facturas correspondentes e, de existir, documento de recepción da obra por parte do concello.
- b) Achegar a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de acordo co establecido no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- c) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto deste acordo.
- d) Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención obxecto do presente convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- e) Reintegrar a Augas de Galicia, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da subvención establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
- f) Asumir as obrigas que para os beneficiarios de subvencións recolle o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En canto aos prazos e modos de pagamento da subvención por parte de Augas de Galicia, a súa achega materializarase mediante a transferencia dos fondos precisos ao concello, no prazo dun mes desde a presentación pola entidade local da rendición da conta xustificativa antes mencionada, conforme ao estipulado neste convenio e na lexislación aplicable. A anterior transferencia de fondos, será ingresada na conta bancaria da que o concello sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia.



Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A concesión da subvención obxecto deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, será compatible con calquera outra axuda pública ou privada pero, en ningún caso, poderá superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

#### **QUINTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición deste convenio non implica relación laboral entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

#### **SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- b) Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- c) Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.



## SÉTIMA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

## OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2025 e ata o 30 de novembro de 2025 e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan pendentes as obrigas nel recollidas para cada unha das partes.

## NOVENA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio requirirá acordo entre Augas de Galicia e o concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

## DÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- a) O cumprimento do seu obxecto
- b) O transcurso do seu prazo de vixencia

Este convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- c) O mutuo acordo entre as partes asinantes
- d) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- e) A inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das actuacións.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.



## UNDÉCIMA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

## DUODÉCIMA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/medio-ambiente/plan-augas-galicia-2024.pdf>

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) ([https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl\\_ES](https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES)), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

Asinado por: CALVO DE LA UZ, LUCIA  
Cargo: Alcaldesa (Concello de Teo)  
Data e hora: 14/11/2025 14:54:10

Asinado por: VAZQUEZ MEJUTO, MARIA ANGELES  
Cargo: Conselleira  
Data e hora: 14/11/2025 14:55:54



A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.

*A presidenta de Augas de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto*

*A alcaldesa do Concello de Teo, Lucía Calvo de la Uz*

